



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

## **M<sup>a</sup> LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA**

**CERTIFICO: Que o pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:**

### **1º.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinte e oito de maio, faise necesario fixar a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

Visto o establecido no art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 210 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; arts. 46 e ss do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local e os arts. 38, 77 e ss e 112 e ss do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propónse a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

**Primeiro:** Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último xoves de cada mes impar do ano, ás vinte horas (20:00 horas), no “Salón de sesións” da Casa do Concello.

A celebración do mesmo poderá adiantarse ou atrasarse ao primeiro día hábil laborable anterior ou posterior no caso de que o último xoves do mes coincida cun día inhábil ou non laborable, manténdose a hora da celebración nas vinte horas (20:00 horas).

**Segundo:** Establecer que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria unha vez cada quince días, no día e hora que se estableza por Resolución da Alcaldía.

**E para que así conste, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e en cumprimento do establecido no art. 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Malpica de Bergantiños asinado dixitalmente na data que figura na marxe.**

**Vº e Praxe,  
O alcalde,**

**A secretaria,**

**Asd.: Eduardo J. Parga Veiga**

**Asd.: M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**